



O CORANOVIRUS E AS RESIDENCIAS.

Comunicado da ALIANZA GALEGA POLOS SERVIZOS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES (AGSSP). 21/03/2029

As Residencias de Maiores e Dependentes hai un importante número de usuarios que son especialmente susceptíbeis á Infección por coronavirus (COVID-19), e xa están aparecendo os primeiros casos nas residencia de Galicia.

Diante destas situación, a **ALIANZA POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA OS MAIORES E DEPENDENTES (ASSP)**, constituída pola **Federación de Usuarios e Familiares das Residencias (REDE)**, as **Traballadoras das Residencias de Galicia (TReGA)**, e o **Movemento en Defensa das Pensións Públicas (MODEPÉN)**, mediante o presente escrito, queren manifestarlles publicamente, ás autoridades sanitarias, ao persoal das residencias, e ao conxunto da cidadanía, cales cremos que deben ser as prioridades de actuación neste momento:

- A. A Consellería de Sanidade debe tomar o control de todas as decisións relacionadas co Coronavirus, en todas as Residencias** de maiores e dependentes de Galicia, tanto públicas como privadas, establecendo un mando único sobre todas elas.
- B. A Consellería de Sanidade debe poñer en marcha, xa, un Plan Especial Fronte á Infección por SARS-Co2 nas Residencias.** Consideramos que entre as medidas que ese Plan debe incluír figuran as seguintes:
1. Debe garantirse o subministro urxente dos **Medios Materiais Básicos** para afrontar o actual andazo de coronavirus
 - **Máscaras Cirúrxicas¹.**
 - **Produtos de Base Alcohólica para hixiene de mans²,**
 2. Tamén se deben establecer os mecanismos para que nas residencias exista dispoñibilidade de **Outros Materiais tamén Precisos** para a atención aos usuarios nas actuais circunstancias
 - **Luvas de uso sanitario³,**
 - **Máscaras FFP2-FPP3⁴,**
 - **Batas desbotábeis, mandís plásticos, material de limpeza adecuado⁵, ...**
 3. Deben establecerse os mecanismos específicos para poder facer, de urxencia, os **test diagnósticos de detección de infección por SARS-CoV-2:**
 - aos **usuarios** das residencias nos que estea indicado de acordo coas instrucións das autoridades sanitarias
 - a calquera **profesional dunha residencia** que presente un cadro clínico de infección respiratoria aguda de calquera gravidade, [algo que xa está establecido](#).
 4. Deben establecerse **zonas especiais nas residencias** para atender aos usuarios que estean infectados e que non precisen ingreso hospitalario. A Xunta non debe ceder ás presións das direccións das residencias, sobre todo das privadas, que queren sacarse de en medio unha



cuestión que lles dá problemas e pode incrementar os gastos. O recurso a outro tipo de instalacións, para situar aos casos que non precisan hospitalización, debe reservarse para aquelas residencias nas que sexa imposible habilitar esas zonas.

5. A Consellería de Sanidade debe **abordar con urxencia a formación acelerada do persoal das residencias** no que fai as Precaucións Estándar para a prevención da transmisión das infeccións, con especial fincapé na importancia da Hixiene de Mans, do Protocolo de Hixiene Respiratoria, do correcto uso de luvas, ...

C. É esencial reforzar os recursos de persoal das residencias, para combater nelas á infección por SARS-Co2.

- a) As residencia deben, **cando menos, dispor dos ratios de persoal legalmente establecidos**, por moito que até agora viña sendo habitual o seu incumprimento:
 - Persoal de Atención Directa (TCAE/Xerocultores/as):
 - 1 por cada 5 usuarios non dependentes (0,2 por cada usuario non dependente), e
 - 1 por cada 3 usuarios dependentes. (0,35 por cada usuario dependente)
 - Enfermeiras:
 - Nas residencias de até 40 prazas debe haber unha enfermeira sempre localizábel, e
 - Nas residencias de 40 ou prazas, debe haber persoal de enfermería presente ás 24 horas do día
 - Médicos: cada residencia debe ter como mínimo un médico permanentemente localizábel.
- b) **Até o momento actual estes ratios era frecuentísimo que non se cumpriran para aforrar cartos**, sobre todo nas residencias privadas, e malia as reiteradas protestas dos traballadores/as e dos familiares dos usuarios; mentres a Inspección e a Xunta miraban para outro lado.
- c) Ademais, alén dos ratios, **é fundamental que se respecte o número de traballadores que prestan servizo en cada unha das quendas** tal e como aparecen nas carteleiras de traballo e así cumprir coas presenza establecidas. Ata agora sempre as presenza reais sempre son menores que as teóricas, posto que os permisos (licenzas de convenio) de poucos días non se cobren coa contratación de persoal, e o mesmo sucede con algunhas vacacións, baixas, etc
- d) **Moi probablemente os actuais ratios legais de persoal, incluso cumpríndoos de verdade, resulten insuficientes**. Nesa situación debe ficar claro que as listas de contratación, son fontes moi importantes para poder topar profesionais en disposición de incorporarse ao traballo. Así, en data do 01/02/2020, había nesas listas de 11.173 TCAE/Xerocultoras/es, e 10.780 enfermeiras. Tamén de ser preciso, a Consellería de Sanidade debería valorar a posibilidade de recorrer a médicos xubilados para reforzar o precario persoal médico existente hoxe nas residencias.



CONTACTOS:

Federación de Usuarios e Familiares (REDE): Xosé BERNARDEZ SOLLA. 619955524 /ou Paulino Campos.

Traballadoras das Residencias Galegas (TReGA): Sonia JALDA CORES. 610327938

Movement Galego en Defensa das Pensións Públicas (MODEPÉN): Francisco L. VÁZQUEZ VIZOSO. 616493971

NOTAS:

¹ *As máscaras cirúrxicas son plenamente válidas para a prevención da transmisión cando é preciso achegarse aos usuarios para realizar os cuidados nos que é preciso tocalos, (agás cando se realizan procedementos xeradores de aerosois). É especialmente importante que os traballadores reciban instrucións claras de que cando non sexa preciso tocar aos pacientes (por exemplo para falar con eles), manteñan a distancia de seguridade de 1,5-2 metros.*

² *A descontaminación de mans por parte dos traballadores é esencial para minimizar a transmisión do virus entre os usuarios das residencias. A descontaminación das mans debe realizarse, de maneira rutineira, con Produtos de Base Alcohólica; ademais os traballadores deberán lavar as mans con auga e xabón cando estean visibelmente sucias. Todos os profesionais que presten atención aos pacientes (xerocultoras, TCAE, enfermeiras, médicos, ...) deben facer hixiene de mans nos denominados “5 Momentos de Hixiene de Mans”, sendo de especial importancia facelo e debe facerse como mínimo entre paciente e paciente.*

³ *As luvas de uso sanitario son precisas para a atención tanto de todos os pacientes portadores coñecidos, así como de todos os usuarios aos que se lle van facer cuidados que implican posibilidade de contactar coas súas mucosas e/ou cos seus fluídos corporais. É moi importante que os traballadores entendan que as luvas deben usarse con só 1 paciente, e que deben cambiarse antes de tocar a outro paciente/usuario, pois o uso das mesmas luvas en máis de 1 paciente é un mecanismo que facilita extraordinariamente a difusión do virus.*

⁴ *As máscaras FFP2-FFP3 deben reservarse para a súa principal indicación de uso nestes momentos, que é a realización de “Procedementos Xeradores de Aerosois” (intubación endotraqueal, ventilación manual previa á intubación, ...) algo, en principio, pouco frecuente nas Residencias.*

⁵ *A correcta limpeza de superficies é unha medida moi importante na loita contra a infección por Coronavirus. Debe realizarse cos desinfectantes habituais de uso hospitalario, e é moi importante que se limpen cuidadosamente as superficies que se tocan con máis frecuencia (interruptores da luz, picaportes, mesiñas de noite, ...). A eficacia da fumigación de solucións desinfectantes no ambiente é unha medida moi aparatosa (idónea para que a utilicen os políticos) mais de eficacia non demostrada na literatura científica. A desinfección do calzado ou o uso de calzas especiais son medidas moi pouco relevantes. Deben usarse batas desbotábeis e mandís plásticos sempre que sexa posíbel recibir salpicaduras.*